

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: JOAQUINA GALLEGO JORRETO

CURSO: 3º-4º

MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Identificar distintas formas nas que se pode manifestar a enerxía e os cambios dunhas a outras.	1.1. Observa, identifica e describe distintas formas en que se presenta a enerxía e relaciónaas coa súa vida cotiá. (Comunicación lingüística) 1.2. Describe transformacións dunha fonte de enerxía noutra. (Aprender a aprender)
2. Recoñecer, en procesos físicos observables, a calor como transferencia de enerxía.	2.1. Observa, recoñece e explica a calor como transferencia de enerxía en procesos físicos observables.
3. Coñecer as fontes de enerxías renovables e non renovables.	3.1. Identifica algunhas fontes de enerxía e clasifícaaas en renovables e non renovables. 3.2. Identifica, recoñece e describe a importancia do uso de aplicacións tecnolóxicas para a obtención de enerxía. (Aprender a aprender e competencias sociais e cívicas)
4. Relacionar a enerxía cos seus usos habituais na vida cotiá	4.1. Observa e explica a intervención da enerxía na vida cotiá.
5. Coñecer comportamentos individuais e colectivos para utilizar de forma responsable as fontes de enerxía e recoñecer a necesidade de aforrar enerxía para fomentar o coidado do medio ambiente.	5.1 Observa, identifica e explica comportamentos individuais e colectivos para utilizar de forma responsable as fontes de enerxía do planeta. 5.2. Identifica as prácticas que producen residuos, contaminan e producen impacto ambiental. 5.3. Coñece e valora a importancia dalgúns inventos tecnolóxicos que contribúen a reducir o impacto ambiental. (Competencias sociais e cívicas)
1. Diferenciar entre máquinas simples e compostas, saber de onde extraen a enerxía que necesitan e relacionalas coas distintas profesións.	1.1. Distingue entre máquinas simples e máquinas compostas. 1.2. Observa e recoñece as fontes de enerxía coas que funcionan as máquinas. (Aprender a aprender)

2. Analizar as distintas máquinas simples, as partes principais dalgunhas máquinas compostas e as funcións de cada unha delas.	2.1. Identifica e explica algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, etc.), e recoñece a función que realizan. 2.2. Recoñece as distintas máquinas simples que compoñen unha máquina composta. (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)
3. Coñecer e valorar como evolucionaron as máquinas para facernos a vida máis sinxela.	3.1. Coñece e valora a importancia dalgúns dos grandes inventos e aplicacións tecnolóxicas e valora a súa contribución á mellora das condicións de vida. (Aprender a aprender e competencias sociais e cívicas)
4. Coñecer o uso adecuado das máquinas e ser conscientes dalgúns problemas medioambientais derivados da súa utilización	4.1. Coñece e valora o impacto ambiental negativo que supón a utilización dalgunhas máquinas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: • Tarefas diarias e semanais • Fichas avaliativas. • Se é posible de xeito oral por conexión telemática ou similar.
	Instrumentos: Aula virtual, seguimento das tarefas propostas. Entrega dos traballos en tempo polos medios previstos ou por outros alternativos propostos e de acordo co mestre de área.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Primeiro e segundo trimestre avaliados con respecto o traballo presencial. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede na presente etapa. No mes de setembro reaxustaranse as programacións atendendo aos aspectos pendentes do presente curso.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non corresponde
	Criterios de cualificación: Non corresponde
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non corresponde

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Proposta, como ate o de agora, de actividades semanais indicando a temporalización que se considera máis axeitada ás circunstancias actuais. Achegamento de enlaces con vídeos explicativos axeitados e proposta de actividades relacionadas online. Tarefas para ser cumprimentadas e entregadas empregando a Aula Virtual coa que levamos traballando dende mediados de marzo. Resolución de algunha pequena proba plantexada, de xeito sinxelo, na propia plataforma. Videoconferencias tanto para pequenas explicacións como para algunha dúbida en concreto, empregando a aplicación Cisco Webex, a app móbil proposta pola consellería ou, de ser complicado para eles, empregárase algunha comercial coa que xa están familiarizados.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Os materiais da proposta de actividades serán facilitados as familias dende o propio Concello en formato impreso que a familia previamente pode solicitar e de non ser posible pasar a recollelo, eles mesmos llo achegarán aos domicilios. En principio e segundo os datos que nos constan, tódalas familias do alumnado dispoñen de conexión a internet, inda que sexa unha pequena liña de datos que lle permitiría a resolución dunha proba sinxela de xeito individual empregando un dispositivo móbil. Videoconferencias empregando a app móbil proposta pola consellería ou, de ser complicado para eles, empregárase algunha comercial coa que xa están familiarizados ou a propia liña telefónica. En casos puntuais tamén se poderá intentar trasladar a proba en formato impreso.
Materiais e recursos	Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias da Natureza: •Libro do alumno. •Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo e actividades de ampliación. Fichas complementarias. •Recursos dixitais: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles. •

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.